

## Viaxar con Manuel María: cando “o camiño é unha nostalxia”

FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

*Viaxamos Galicia esta nosa nación,  
rincullo a rincullo e rincón a rincón  
-Viaxar é vivir*

*Viaxamos Galicia con sagrado fervor,  
todo o noso ser alampouse de amor  
-Viaxar é vivir*

*Cunha sede fonda de beleza sin fin  
viaxamos Europa de confín a confín  
-Viaxar é vivir*

.....  
En Santirso de Mabegondo 7 Nadal - 1983

A viaxe era vida para un Manuel María, galego normal, o que tivo como regra e sen complexos, normalizar canto significa Galiza entre a anormalidade. A mesma vida enténdese como unha viaxe, un labiríntico camiño ou odisea de preguntas e respostas poéticas na percura do coñecemento do que un significa na inmensidade do cosmos, da beleza ou da pureza.

Manuel María, amigo de toda innovación que tivese o pouso do clasicismo e da identidade, entre tanto mercadeo e pose, nas buscas da emoción, lembraba os versos de Unamuno: *Volverán las oscuras golondrinas.../ ¡Vaya si volverán!/ las románticas rimas becquerianas/ gimiendo volverán./ Mas los fríos refritos ultraístas,/*

*hechos a puro afán,/ los que nunca arrancaron una lágrima,/ ¡esos no volverán!*  
[Miguel de Unamuno: Teresa]

A viaxe é como *peregrinatio* que vai do caos ao cosmos harmónico, camiño de ascese consubstancial á tradición galega. Pobo que abre encrucilladas entre aventuras e desventuras. Como un “*Xogo da Oca*” céltico, incertidumes que nos levan de oriente cara a estes confins do occidente que marca a estrela da mañá e do *vesperus*, Venus, a que ten como símbolo a cuncha de vieira. Camiños que nos levan a puntos de encontro, como Teixido. Os que, de non facelos ben, terase que repetir a andaina arrastro, como un réptil. Esa *peregrinatio* cara aos enigmas da terra é unha constante na identidade galega, para dar como froito símbolos e espazos de encontro para a feira, a festa e a liturxia, cara aos que un se encamiña.

Ben expresivo para esas ansias de busca, que nos religa entre a terra e a harmonía, é o “*Canto Cósmico*” de Ernesto Cardenal, que parafrasearíamos naqueles versos que o poeta nicaraguano nos deu para poñer gravada nunha placa e baixo unha araucaria que plantaría nos Xardíns do Pazo de Mariñán en Bergondo, un luminoso 6 de xuño de 1997: “*A atracción da terra afunde as raiceiras/ a atracción da luz ergue as gromos/ e nos entre a terra e a luz...*”

Camiño entre o “*humus*” e a luz, ascese para confundirse entre as cosmogonías, para atopar esa “*Xerusalén Celeste*” ou o “*Outeiro de Rei Celeste*”, simbolizando pola *rosa roxa*, terreal, comunal e tamén pola *rosa branca*, do amor, da beleza e da emoción... formas que nos aproximan a esas harmonías.

Castelao escribía nas primeiras páxinas *do Sempre en Galiza* que “... *para nós, os galeguistas, a Terra é tan grande, na súa extensión e na súa profundidade, que non abundan os días dunha vida para coñecela; e amámola tanto que soio pensamos en facer dela unha Patria feliz*”. Filosofía que está nos alicerces teóricos de Manuel Murguía, igualmente en Otero Pedrayo, quen teimaba no mesmo, e así tamén llo temos escoitado repetir a Manuel María: “*Unha vida por moi longa que sexa, non chega a nada para enxergar a inmensidade da paisaxe e da paisanaxe de Galiza*”. Galiza é escenario dunha singular Historia, para crear formas de traballo, comportamentos, abrir portos e camiños, encrucilladas, arredor das que nacen templos, mosteiros, fondas, feiras, romarías, beleza, e tamén contradicións que traerán anomía, crise de identidade, ensarillando todos os seus efectos e insensibilidades. Tendo como causa a educación, o ambiente, produtos dunha política alleante. Espazos que nos marcan e nos que actuamos, para facer e desfacer unha resposta sempre en devalar, que é a cultura, a que nos identificará no espazo e no tempo.

## ENXERGAR O DEVALAR DAS COUSAS

Para adentrarse na significación da viaxe en Galiza e polo tanto en Manuel María, cómpre asumir inicialmente a fondura da palabra “*enxergar*”, moi do rico discurso de Otero Pedrayo. Significa algo así como penetrar nas cousas, proxectar

os sentidos sobre elas, deica que formen parte dun mesmo. Algo polo que podemos entender mellor o animismo, a ansia de animar o inanimado, ese panteísmo galego, esa atracción telúrica, o radicalismo que abrangue a canto significa a terra. A xogo con esa ansia permanente de buscas está o “*devalar*”, igualmente verba moi de don Ramón de Trasalba. Significa algo así como o devir heraclitiano: nen nós, nen as cousas somos sempre as mesmas, as de noutrora. As cousas son como as nubes cincentas, camiñantes sobre o ceo da chaira, como o fluír do Miño pousón ou as augas do efémero regato do Cepelo. Constante e diferente xeito de fluír que tanto dirá ao admirado Jorge Manrique, como a Manuel María... As cousas mudan co devalar das horas, dos anos, son “*asegún*” dende a perspectiva espacial próxima ou lonxínea dende onde se miren, como lembraba don Vicente Risco. Aínda sendo parte de nós, non somos xa o que fomos de nenos, de adolescentes... aquí ou acolá. Mais nesas confusións nas que inevitabelmente nos movemos, sempre hai un referente, un centro certo, un punto no que centrar o compás e intentar trazar cosmogonías; punto de partida e retorno para o Ulises: a casa, a tribo, a patria... o que se leva permanentemente no fardel das señardades ou das saudades, o medo a que se perda ese punto de partida, o país. Avívase a permanente busca dun “*Paradiso Perdido*”, espazo ideal que poderemos ser capaces de rememorar no noso imaxinario, a traves da arte que é a poesía. Son estas as mesmas buscas, o “*arredor de si*” que preocupaba aos modernistas “*inadaptados*” da xeración “*Nós*”. Ese sentir abrollaba nas peripatéticas e viaxeiras conversas con Manuel María e Saleta: enxergando o devalar do día, das siluetas cambiantes dos referentes na paisaxe, dos montes ou dos ríos, das espadanas, das petruciais árbores, das ergueitas penedas, as que noutrora se ollaban dende lonxe maxestosas e logo máis perto diferentes, como mansas á nosa vista, xa a golpe do tanxer da man ou do caiado. Todo muda, todo é relativo coa interacción do espazo e do tempo. Dese xeito a labiríntica espiral da filosofía e da arte sempre está a muiñar e a estenderse, tanto máis alá, ou pola contra afondando, meténdonos no puzo dos cavilares dos mortais creadores. A arte nunca morre, morren os artistas.

Ándanse camiños na percura da beleza - que está na paisaxe e na mesma paisaxe e nos que a interpretaron en harmonía - da riqueza da Historia da Galiza, de seres e fitos populares, moitos acochados, intencionadamente ensombrecidos por outras que se di máis egrexas. Acontecer nunca ben aprendido. Tripar o “*humus*”, levados polas ansias de saber de “*Nós*” ou tamén guiados pola forza dos amigos, dando resposta con esa inmensa xenerosidade que caracterizaba ao Manuel María para acompañalos a compartir conversa e beleza coa sensibilidade afiada, con todos os sentidos postos.

#### O MAPA DE FONTÁN E A GUÍA DE OTERO PEDRAYO

Cómprelle a todo viaxeiro que teña ansia de iniciar unha viaxe, mapa e guía. Se se trataba de Galiza, Manuel María gostaba de ver e sinalar no mapa de Fontán, di-

rixir inicialmente a súa ollada cara á súa tribo, o Outeiro de Rei da Terra Chá, a base do seu sistema métrico para medir o mundo: unha casa, a de Hortas; un río, o Miño; unha nación, Galiza e un mundo sempre aberto e enriquecido por poetas e creadores de beleza. E entre as moitas e boas guías de Galiza, gostaba da de Otero Pedrayo, a súa descrición de Compostela, de Ourense, dos Riberios... Obra asumida como inacabada, nun labirinto de camiños, historias e anécdotas humanizadas. Páxinas nas que o escritor ourensán, viaxeiro, admirador de Chateaubriand, fala do que vive, coñece de seu e a través das lecturas, do que quere e defende, como parte dun mundo seu.

Os soños viaxeiros de Manuel María están ben expresados en boa parte da súa obra. Pero en especial en “*O Camiño é unha nostalxa*” (1985), que nos borradores iniciais titulaba “*Versos para andar e ver*”. Expresivo itinerario poético que comenza polas querenzas, polas súas mesmas raiceiras, co poema “*Sei dun país*”, continúa por “*A miña tribo*”, para adentrarse no mundo por “*O Bierzo*”, “*Portugal*”... até seguir por outras bisbarras queridas da Península, Europa, o mundo-... rememorando poeticamente puntos visitados ou a ilusión de adentrarse no non visitado: “*O deserto do Sahara*”, “*Asia*”, “*Oceanía*”

(Humanismo e “humus” fronte á uniformización: a beleza)

Teimaba Manuel María en recuperar a mesma esencia das palabras, deturpadas polo uso e abuso. Moi presente estaba no seu discurso a lembranza de que humanismo, que dicía vén de “*humus*”, que é terra, algo así como a a alfa e a omega, o elemental principio e fin. Algo que custa asumir aos mortais, seducidos enganosamente polos cánticos de serea do consumo, a globalización, a deshumanización apátrida que tamén se vende como “*progreso*”. Velaí a norma e norte.

No camiño vital atópase a inmensidade inabarcábel da terra, da Historia, das tradicións, coas súas afirmacións, pero tamén coas negacións, as deturpacións, os esperpentos. Manuel María non se sabe negar á forza da amizade: o andar a Terra para impartir un recital ou unha conferencia, ou simplemente por coñecer e deixar ir o lecer. Ten conferenciado por todas partes da Península, pero tamén – vencendo os medos e as teimas ao avión - por colectividade galegas de Europa e mesmo en Venezuela, en Caracas, nunhas xornadas por mor do “*Día das Letras Galegas*” do ano 1981; a viaxe a Madeira no ano 1998 para participar nun congreso de escritores como convidado polo *Pen Clube* portugués. As reiteradas viaxes a Portugal, amigo inseparábel da Lisboa, con tanto de atlántico e mediterráneo, tan en relación coa Habana, Cádiz, pero tamén con Nápoles... O Bairro Alto, as pegadas de Pessoa, a ollada dende o Castelo de San Xorxe, a labiríntica Alfama moura, o barroco da *Madre de Deus*... O Manuelino de Belén e dos Xerónimos; as visitas ao maxistrado, historiador, tradutor de poetas alemáns, ensaísta e crítico de literatura en diferentes medios, especialmente no “*Diario Popular de Lisboa*” en “*Noticias de Guimarães*”, o Doutor Francisco José Velozo, que dende 1971 fixouse fundamente na obra de Manuel María. Polígrafo

que asina baixo o pseudónimo de Güalter Póvoas para espallar a obra do autor galego en Portugal e afortalar unha fonda amizade de mutua admiración.

Repetidas viaxes a Euzkadi, Cataluña, e boa parte da Península, gostando de Córdoba, e daquel soneto do seu admirado Góngora, con tumba na Mezquita de Córdoba, versos que recitou nas súas derradeiras horas, seguidos ao unísono por unha enfermeira cordobesa: “*¡Oh excelso muro, oh torres coronadas/De honor, de majestad, de gallardía!/¡Oh gran río, gran rey de Andalucía,/De arenas nobles, ya que no doradas...*”

Ao paso dese andar non se lle escapa a historia, a arte, a literatura, os museos e os espazos con espírito, para logo despois desenvolver longas conversas sobre o enxergado. As súas impresións de galego e chairego, sobre un feito, grande ou pequeno monumento, case sempre, eran recollidas para expresalas posteriormente nalgún artigo, especialmente na súa colaboración baixo o pseudónimo de Hortas Vilanova nos “*Andando a Terra*” de *A Nosa Terra*, dende o nacemento deste periódico semanal no 1977 ata o 1989. Artigos que se intensifican semanalmente e dende 1989 até o final da súa vida nas seccións de *El Correo Gallego*.

E cando insisten os amigos e había lecer, cando o permitían as monfortinas circunstancias da *Librería Xistral*, a tortura burocrática das cuestións de Procurador dos Tribunais e a xubilación, viaxábase, xa sen máis cometido que alimentar o “*nivel de espírito*” que diría Otero Pedrayo. Gostaba especialmente do autobús, negando as proxeccións de videos e as músicas de fondo; atento a canto se ofrece á vista no percorrido e se vai deixando tras a velocidade. O grupo reclamaba a súa intervención como cicerone, collendo o micro na dianteira, para atentos, escoitar as súas apreciacións e historias do recorrido. Facendo as preceptivas paradas polas necesidades do corpo ou para estirar as pernas, tomar o seu café e botar o seu cigarro, rituais os dous necesarísimos nese andar e ver. Aínda que a traseira do autobús podía servir de ocasional intendencia tabacaleira a máis de espazo de tertulias entre o fume dos cigarros, ás costas das razoábeis medidas preventivas de Saleta.

Manuel María non lle poñía demasiados reparos á viaxe en barco, travesías que, nas horas calmas, traían conversas sobre periplos clásicos, odiseas, eneidas ou máis longas viaxes transoceánicas de emigrantes galegos. Xa nos ten pillado unha temíbel tramontana amistralada nas augas do golfo de Xénova, pero que o chairego - *que sempre prefire ir por onde pisa o boi* - aturou firme e pousón. Tamén moitas viaxes felices, feitas no coche dos amigos ou no “*auto*” propio, “*o corsa*”, guiado con todos os sentidos por Saleta. Pola contra Manuel arrepiaba, palidecía de terror tan só ao pronunciarlle o nome do avión. Nesas lembraba, imaxinaba e identificábase con don Ramón Otero, agardando nos aeroportos, voando no “*Castromil do aire*”, cara a América. Non lle prestaba o “*antes*” da viaxe, cavilando na ida sobre as nubes, sobre as terras e os mares. E vencíao o desacougo na estanza, tan só con matinar na volta e meterse no “*tubo*”, voando a miles de metros. E velaí que nese ir e vir polos aeroportos até ten deixado esquecido algún prezado caído viaxeiro, compañeiro inseparábel

para andainas terrestres, apoio co que asegurarse, tripar terras, sinalar horizontes, templos, monumentos.... Caiado que naquelas mans eran como báculo petrucial dun Merlín, o que mollou en regueiros, ríos, lagoas ou simplemente abrindo no chan unha canle á chuvia apozada, como gostaba.

#### MIRARSE NO ESPELLO DAS AUGAS DO REGATO DO CEPELO...

Manuel coñecía especialmente os camiños da súa Tribo, a Terra Cha, e xa non digamos da Capital de Concello, Outeiro... Non era o seu un coñecemento estático: sabía que había un antes e que habería un despois, e o todo formaba parte do seu fabular e saber.

Reivindicaba a memoria. Lamentaba que vellas congostras se trocasen en vertedoiros de lixo, camiños perdidos, fontes atuadas, regatos entubados, igrexas pechadas, casas solemnes roubadas, feitas pardiñeiros ou reconveridas en estrepitosos chalets... Animado polo paso pousón do Miño, recibindo o Ladra, pero augas capaces, calquera día treboento, de rebelarse coas cheas a toda “*domesticación*”; o humilde e feble regatiño do Cepelo, que simbolicamente “*nace e morre en Outeiro*”, para confundírense as súas augas coas do Miño. Regueiro de breve fluír co que se identificou animista e panteistamente.

Aseguramos que o chairego era posuidor dun fermoso e “*competentísimo*” mapa do curso do regato do Cepelo, un particular e parcialísimo “*Mapa do mundo*”, miniatura da autoría de Xan Balboa. Case como se se tratara, en importancia, do mismísimo Nilo, o que por onde vai pasando vai deixando vida. O Cepelo era un universo de nostalxias infantís e mozas entre os lameiros propiedade da casa. Aquela obra artesán miniaturista era considerada como un verdadeiro mapamundi, e así se titulou, para estar pendurado na parede da querida casa coruñesa e ben á vista dos ollos do chairego, por mor de ser explicado aos amigos. O regato do Cepelo, como o mesmo Arno florentino é fonte de inspiración, que transcendeu en anécdotas para inspirar poesías e até a derradeira obríña de Manuel María, rematada nos intres finais. Texto no que o autor aviva o humor e xoga con lerias sobre o mentado regueiro, conversas mantidas co amigo e escritor lucense Paco Martín. Sabemos a verdadeira historia dos grandes cartelóns da autovía A-6, que indican “*Regato do Cepelo*”, auténtica cacicada de amigo en favor do regueiro... e sobre o que, no discurso de entrega do Premio Otero Pedrayo - compartido no ano 1999 cun Novoneyra xa finado - Cacharro Pardo, fixo unha graciosa alusión ao poeta, ao regato e ao cartel: “*acorde coa súa importancia*”. Non había viaxe a Outeiro, na que - se as condicións meteorolóxicas o permitisen - non levase á Saleta, e obrigadamente aos amigos, a visitar o regato do Cepelo, cada vez máis “*domesticado*”, entubado en cemento polas insensibilidades do que insistimos en chamar “*progreso*”. Moitas veces inspeccionamos o curso do regato, ollamos o chairego bater co seu caiado entre as augas, apartando as follas para deixar cantar a auga... nesas ansias averiguadoras, metémonos no troio da Agüela, fronteira

coa parroquia de Bonxe...entre as chamadas de atención do Manuel... “*non te metas que te vas afundir na braña*”... Sabemos que no inverno o regato deixa agromar as súas primeiras augas na parroquia rival dos oleiros.

#### OUTEIRO DE REI, PRINCIPIO E “*CAPITAL DA TRIBO*”

No mesmo corazón de Outeiro de rei da Terra Cha está ben chantada a “*Casa de Hortas*”: velaquí algo así como o centro do mundo para Manuel María, “*o meu reino*”. O principio e o fin para adentrarse nun percorrido pola obra do escritor. Casa labrega, firme e tamén farta, ás costas e ensombrecida polo decimonónico e arrogante edificio do Concello. A casa é un mundo de nostalxias, que administrou e encarna a nai, herdeira suprema das tradicións, a señora Pastora da casa de Vilanova... espazo para lembrar os simbólicos versos do amigo do chairego e poeta vasco Gabriel Aresti: “*defenderei a casa do meu pai...*”

Na parte máis alta do casal, onde quizais existiu unha torre, asoma o Pazo dos Gaioso, do século XVI, como un símbolo decadente e de futuro incerto. Case pegado á vella reitoral, clero e fidalguía comparten horas baixas. Aquí abre cancela ao adro, o pendello da parroquial, sinxela, elemental, ensombrecida polos castiñeiros e carballos veciños, que dentro venera as imaxes da Santa Isabel e a Virxe, dándose unha aperta e á que as mozas novas sacaban en procesión cada primeiro domingo de xullo... a labrada pía de bautismo que o poeta, despois de varias conversas e epístolas episcopais, rescatou do abandono. E ese camposanto, onde case necesariamente para entrar hai que pisar por enriba das campas, cousa que non gostaba nen a Manuel nen a Saleta. Como unha horta familiar na que pousan tantas lembranzas: “*...Aquí estan invisibeis/ parte dos viciños desta tribo./ Non hai diferenca nen fronteira, /entre o mundo dos vivos e dos mortos:/ as campanas aínda son a voz,/ máxica e común, de todos eles/...*” e o sartego de mármore branco que foi do respectado tío párroco de San Froilán, don Xosé Fernández Núñez, construtor da Milagrosa de Lugo, templo, finado un 3 de xaneiro do 1963, para, un 25 de maio do 2004, trasladar dende Outeiro á Milagrosa de Lugo as súas cinzas. Esa tumba acolle agora, baixo o castiñeiro, os restos mortais do pai, Xosé Antonio Fernández Núñez, e de seu fillo “*Manuel María da Casa de Hortas*” epitafio que el quixo. Campa branca sobre a que sempre pousarán dúas rosas, unha branca e outra roxa... Na banda esquerda a campa de lousa gris, que acolle as cinzas da nai, a señora Pastora. Neste recinto e no chan atoparemos tamén a tumba do versificador popular Paderna, introdutor de Manuel María no universo das rimas, campa que sempre visitaba.

Deixemos a vila cara á carballeira da Santa Isabel, á beira do pousón Miño. Unha pedra fita cuns versos e un carballo plantado son homenaxe dos amigos ao Manuel nos seus derradeiros anos e días. Máis adiante o bar que rexentan o irmán Antón e Carmiña. Mesas, espazos de días felices, escoitando o son da gaita, o ir e vir dos chairegos... Escenario e día para anovar o sentimento de tribo. A capela de Santa

Isabel, moderadamente ergueita sobre un outeiro, e que cavilamos ser a cristianización dalgún espazo pagán no mesmo encontro das augas do río Ladra coas do Miño. Templo que noutrora ollamos con retábulo e misa, que logo vimos expoliado e pardiño, para (polo discurso de Manuel e a comprensión do Presidente da Deputación e mais do bispo de Lugo), ser restaurada. Poida que aínda podamos ver sobre as augas do Miño algún batuxo, esas embarcacións de proa roma, embreadas e movidas por pértiga. Valiosos restos etnográficos da vida dos avós.

Teremos que voltar cara a Outeiro, pasando pola esquecida fonte e lavadoiro, baixo o alpendre, onde os mozos agardaban as mozas que viñan buscar a auga...ás que axudaban a erguer a ola de auga e que acompañaban cun “*si me permite*”, a primeira proba de relacións.

#### AS PENAS DE RODAS, OLLOS DA TERRA CHA

Sairíamos de Outeiro por Santa Mariña, coas representativas casonas fidalgas, territorios propiedade de dona Blanca Quiroga, co Pazo de Mirapeixe, dos Pardo de Guevara, entre o sombrizo ameneiral do río e perto da ponte medieval de Rábade. Esta é capital do concello rival, vila de orixe maragata, nacida entón linealmente á beira do camiño, para ser para e fonda, feira. Tabernas, casas coñecidas, amigos, Roi-bás... Obrigado é desviarse á esquerda cara a Gaiosó. As boas construcións denotan que esta é terra de canteiros. Subimos entón cara ao monte, até dar coas dúas xemeas, xigantes e esféricas “*Penas de Rodas*”, formacións graníticas erosionadas pola metereoloxía, dende as que ben se olla a chaira e sobre as que hai a lenda popular de que unha estaba “*preñada*” de mal, o alcatrán, e outra de riquezas, ouro... Busca avarenta do ouro, co risco de dar ca do negro contido, coa bilis da deshumanización que invadiría e “*destruiría o mundo*”... cousas das lendas, símbolos que se fan realidade, especialmente no noso tempo de mareas negras e outras miserias. Altar da Terra para Manuel, sobre o que imaxinaba os antigos facendo sacrificios e ofrendas...tendo como fondo un afastado horizonte, onde as nubes cincentas se confunden cos montes que coutan a Terra Cha.

Nesta andaina, seguindo o poeta, tamén “*hai lugares nos que a melancolía medra como unha abidueira, un carballo, un toxo, un codeso ou unha xesta: Tras da Agra, A Barciela, Aldai, Ximarei e os Senxildes..*”

#### A TERRA CHA

Seguimos a viaxe para coñecer, ao menos superficialmente, ese sistema métrico usado por Manuel María para medir o mundo. Despois de aplicarlle os sentidos á



capital do concello, faríamolo agora polos camiños que seguen cara a Baamonde; na banda esquerda da estrada atravesaríamos a vía do tren con todos os coidados, andaríamos uns metros deica chegar a unha vella, solitaria e solemne casa labrega da que o Manuel contaba historias de familias coñecidas, para topar ao seu carón coas dúas sombrías e circulares lagoas, as do Olló... das que se dicían historias dunha namorada afogada e que nas noites do San Xoán deixaba escoitar o seu laiar. Achado recente entre as pescudas dunha sempre inabarcábel Chaira. As referencias viñeron do escultor Víctor Corral, casa cara a onde necesariamente teremos que ir agora. Víctor Corral é un crente panteísta, amante e intérprete da natureza.

Sabemos que Baamonde é encrucillada de camiños que se reparten pola chaira: van á Mariña Luguesa ou á mariña coruñesa. Máis neste itinerario inspirado por Manuel María non poderemos coller agora cara a Vilalba, sen denantes visitar as terras de “Trasparga”, como gostaba dicir. E, seguindo a vía do tren que vai á Coruña, dirixirémonos cara ao campo de San Alberte, bidueira e carballeira á beira do río Parga e a onde as nais levaban os rapaces tateos ou apoucados na fala...onde a señora Pastora levou de neno ofrecido ao Manuel, para prender nel a fala. Manuel e Saleta non faltaron ás homenaxes e ás actividades que a As. Cultural “*Xermolos*” ten argallado, homenaxeando os que teñen defendido as esenciais da Terra.

Nesa viaxe pola Chaira, o Castro de Viladonga nas terras de Castro de Rei, a Fonmiñá na Pastoriza, o Pedregal de Irimia en Meira, o Carballo de Luxíns, perto de Moimenta, cantado por Crecente Vega, son espazos emblemáticos no sentir do Manuel María. E Mondoñedo do Mariscal e dos prelados, co seu seminario e coa súa catedral, coas súa singular paisanaxe, como unha Atenas de poesía, música e fabulación galega.

## GALIZA

E de Galiza ten confesado Manuel María certa e fonda querencia polo Ribeiro, e dentro del por lugares moi precisos do entorno do Avia, esa bocarribeira que vai do Carballiño a Leiro, con Banga, Cabanelas, Gomariz... Espazos vixiados polo agudo corno da Pena Corneira. Prefería tamén as terras maternas de Quiroga, nas ribeiras do Sil, camiños de Valdeorras, seguindo o Sil, e todas as Ribeiras Sacras, de Monforte ou Castro Caldelas, o Santuario das Ermitas, barroco e lendas entre penedas, socialcos, oliveiras, cipreses e vides... as vides e o viño, como toda terra traballada, humanizada eran imprescindíbeis nas paisaxes amadas e polo tanto cantadas do chairego. Poucos poetas lle teñen cantado tanto ao viño, símbolo de ascese, que da terra se ergue en brinde para compartir.

Entre as cidades, Manuel María sentíase atraído pola Coruña das lembranzas familiares dos anos nenos, no tempo dos baños do verán, o rapaz que miraba abraiado

para o Monumento de Curros de Asorei e para o escintilar da Torre de Hércules, o mozo dos primeiros recitais, o o outono de “*barba frorida*”, os leais amigos, as tertulias, lamentando o apocilgamento da fermosa baía, o maltrato da cultura de Galiza... O Santuario da Pastoriza, con lembranza de romaxes infantís.

Quería igualmente a Lugo centrado pola Catedral de todos os estilos para venerar o emblema de Galiza e a imaxe da *Virxe dos Ollos Grandes*, con cara de paisana. Lugo coutado polas súas murallas romanas, cidade da adolescencia, entre tantas historias co tío párroco de San Froilán. As tertulias de café, as mocerías, a atracción do seu Museo, coa obra de Asorei, a “*Ofrenda a San Ramón*”, o “*San Francisco*” feito Terra... a “*Ovella*”, óleo de Antonio Fernández, os torques...; Ourense de don Xoán da Cova, a cidade de “*Nós*”... Monforte da casa de Lemos que o tivo como viciño dende o ano 1958; Tui, murada acrópole de historia que despide o Miño dende espadanas, Pontevedra dos anos de Castelao e Bóveda, padrón de tropeiros e de Rosalía; Rianxo, de Paio Gómez Charinho, Castelao e de Manuel Antonio, terras ben coñecidas pola súa estanza na casa do parente Fernández Mato en Cespón... E, cara ao oriente, as Mariñas de frades e freires, dos Andrade, Ferrol... os enigmas célticos que envolven a ría de Ortegal e Teixido, Viveiro, Foz, Ribadeo...; e, cara ao occidente, Fisterra, o Pindo e o horizonte do océano... Cara ao sur a Limia, Monterrei e os outonos sanabreses reflexándose no lago.

As viaxes por Galiza son constantes. Compostela era sempre un enigma por descubrir. Cidade que habería que començar a visitar ollando as súas perspectivas dende o monte Pedroso, co Pico Sacro ao fondo...a catedral sempre ofrece misterios e sorpresas, o Panteón Real, O Pórtico da Gloria, a Capela da Soedade e as soidades de Rosalía... A rúa de Valdediós, cara ao Valdoinferno, vixiada polas gárgolas monstruosas de S. Martiño Pinario, un universo para re-crear... Os volumes pitagóricos de Santa Clara, pregoando construtivismos... As rúas, as casas de comidas... Bonaval, cos sartegos de Rosalía, Castelao, Cabanillas, Asorei, Fontán... e tantas lembranzas... os toliños de Conxo e súas historias.

## O BIERZO “GALIZA IRREDENTA”

E entre esas partes da “*Galiza irredenta*”, o Bierzo ofrecíalle unha fascinación especial, Vilafranca co castelo, os conventos e pazos, onde era convidado con frecuencia e foi pregoeiro. O Val do Silencio, Molinaseca, a ferraría do “*a Deus rogando e co mazo dando*”, fundada por san Froitoso en Compludo... As Médulas que visitamos tantas veces e vimos dende Orellán e por abaixo, explicando as cuestións da “*Ruina Montium*”, que dicía Plinio o Vello, do que xa sabíamos que a súa curiosidade o levara a morrer no Vesubio nos mesmos días de Pompeia, no 79 da nosa era, cráter en que estivemos e no que maduran os acios de uvas dos mellores viños de Falerno.

## A GALIZA BRACARENSE...

E ese íntimo amor de irmáns patrios a canto significa a minhota Braga e Guimarães, como parte da mesma Galiza, das que todo coñecer e saber sempre será pouco. A Braga que xira arredor da súa Sé, co largo do bispo Diogo de Sousa, seguindo a estrutura do *cardus* romano. Camiños que sempre nos levan ao Dume do San Martiño e a San Froitoso de Montelius. Mellor que esta xeira sexa no tempo ouridourado de outono, para ollar, entre os lameiros, o templo prerrománico que garda as reliquias do Santo Froitoso... Guimarães, arrodeado de castros, a cidade e castelo de Afonso Henriques, da igrexa de Santa María da Oliveira, de filántropos e fidalgos modélicos, vixiada polo monte sacro da Peña... E os camiños que levan cara Amarante, do Santo sabio construtor Gonzalo, para ollar a Quinta de Gatão do Teixeira de Pascoães e sentir os pasos de Noriega, entuír convivios á luz dos quinqués, entre libros... Subir a serra do Marão, a que se perde entre os nubeiros, para atopar Vila Real, coas lembranzas do romántico Camilo Castelo Branco. Deixar entre os viñedos os barrocos de Nicolau Nassoni da solemne Casa Matheus, o Santuario romano de cultos orientais a Serapis das Panoias, para atopar axiña coa aldeña de São Martinho da Anta e o universo do poeta Miguel Torga, tantas veces poetizado e descrito arredor do que xira a súa obra: “...*Por isso a vós, Poetas, eu levanto / A taça fraternal deste meu canto, / E bebo em vossa honra o doce vinho / Da amizade e da paz! / Vinho que não é meu, / mas sim do mosto que a beleza traz!*”/ (En “*Odes*”: *Aos Poetas*)

## O “GENIUS LOCI”, AS PANTASMAS DOS LUGARES QUE MALTRATAMOS

Detrás de cada construción, de cada casa, horta ou lameiro, sempre hai unha man de traballo, unhas ansias, unha historia, uns nomes. Manuel María coñecía ben o nome das casas matriarcais e mesmo as historias labregas ou de emigrantes do seu redor, tamén deses paveros e toliños que non deixan de ser mentes posuídas por un xeito de trasno burlón.

Valoraba os espazos, os escenarios que habitaron e inspiraron os poetas de fasquía clásica, creadores capaces de furar, entrar e describir o máis íntimo espírito dos lugares, esa parte esencial da identidade, do “*Nós*”, o “*genius loci*”, sombras que intúen as máis finas sensibilidades e que nos empeñamos en destruír ou desterrar como unha alma en pena: Rosalía, Noriega, Leiras, Otero Pedrayo... Espriu, Francis Jammes, Manuel e Antonio Machado, Torga... e os clásicos, Safo, Horacio, Virxilio... os que deixaron espazos amados que foron buscados e compartidos.

Despois da Chaira natal, e dos universos dos poetas, Manuel María escollía como parte súa a terra dos amigos, sacando das entrañas da historia e da beleza o positivo. Era ese un xeito de ser agradecido, para corresponder en xenerosidade gasalleira de versos. Existían preferencias moi marcadas: a Toscana do “*Dolce Stil Nuo-*

vo”, da poesía amorosa, trovadoresca, do *divino “guelfo bianco”*, Dante, da súa Florencia... Manuel María declarábase florentino e guelfo, entón dos da tribo da Xulieta Capuleto, e como estes rexeitaba o poder de todo emperador. Amaba saudosamente a Umbría do Francesco, autor do *“Himno ao Sol”* e da súa humilde Porciúncula... Todo Portugal, a Bretaña, Grecia...

Viaxes que faciamos sometidos a uns horarios de aloxamento, ampliando as visitas, tentando fender cos esquemas tópicos do turismo: apartarse do camiño, para facer parada en Sinera (Arenys del Mar) e cumprir co ritual dunha ofrenda no panteón de Espriu, ou en Colliure para facer igualmente sobre a campa de Antonio Machado, como no *“Cimiterio mariño”* de Set sobre a de Paul Valery... ¿e como non? ollar as fontes de ninfas e dos poetas: a de *Nemausus* en Nîmes, a de *Aretusa* en Siracusa, a de *Castalia* en Delfos, a horaciana de *Bandusia* nos arrabaldos de Roma....

## A BRETAÑA

Bretaña é unha desas nacións celtas negada, xa visitada por mor dun recital con Paol Keineg, no ano 1973, o que inspirou o fraternal e sentido canto *“Laio e cramor pola Bretaña”*. Viaxe que se repite e amplía, máis detidamente, nunha xeira compartida cos amigos do Museo Arqueolóxico da Coruña, no ano 1983, con parada especial no golfo de Morbihan para coñecer os monumentos megalíticos, moitos deles asulagados, os alineamentos de Carnac, o dolmen da illa de Grawinis...as vilas e cidades mariñeiras, o Point de Raz, onde se contan contos de Morgana e Merlín... os *“enclos parossiaux”* de Tronoen, Saint Thegonnec, Guimileu... A fermosa e pétrea vila de Locronan, coa súa fonte milagreira, carballeiras e santuarios, punto de encontro no tempo da *“grand promenade”*, romaría que aúna e afortala as tribos herdeiras dos celtas periféricos... O santuario a Venus que é o Mont Saint Michel, entre o labirinto das mareas, erguido cara ao ceo.... E a cidade de Saint Malo, con semellanzas á Coruña, con tantas lembranzas oteropedraianas referidas ao viaxeiro François René de Chateaubriand, autor romántico que ten sepultura no *“Grand Bé”*, illote na praia desta cidade murada que foi niño para os seus corsarios malouinos. Non deixamos de ir ao Castelo de Combourg, onde aínda habitan as sombras que inspiraron a obra preferida de Otero Pedrayo, *“As memorias de Ultratumba”*, a que leu de neno e en francés na trasalbesa solaina dos ouricelos e despois nas súas derradeiras horas.... Rennes, a Normandía dos pintores impresionistas e dos desembarcos... e ese París, excesivamente arrogante, ampuloso e cuadrículado para o chairego.

## IDAS E VOLTAS Á PROVENZA, Á TOSCANA, Á UMBRÍA... E SEMPRE FLORENCIA.

No 1983 acompañamos a Manuel María e Saleta, cun un grupo de cincuenta amigos, a unha primeira viaxe a Italia, turisticamente triangulada entre Roma, Floren-

cia e Venecia, cidade esta na que mercou unha caixiña de vidro de Murano para gardar uns cornos de vacaloura. Intensa xeira cultural, na que tamén viñan Lois Diéguez e Fernán Vello, con breves pero intensas paradas en Padua, Verona ou Milán, entre outros puntos que saían ao camiño. Manuel María gostaba especialmente de Italia, a onde sempre se soñaba en voltar, con máis acougo, en percorridos parciais: a Sicilia Calabria, Campania, Toscana, Liguria e Provenza. Así se fixo no 1986 e máis detidamente no ano 1988 para adentrarse polo que dicíamos “*Ruta dos Etruscos*”: unha Xénova de solemnes casonas ao pé dunha autovía, a circular e murada cidade Lucca, paraíso das antigüidades, co labirinto labrado na entrada da catedral... e a súa Florencia, de silueta feminina, ollada dende San Miniato ou dende as colinas de Fiésole. “*Aluoume*”, como el dicía, paseando polas estreitas rúas, lembrando amores renacentistas ao pasar polo “*Ponte Vecchio*” sobre o Arno e imaxinar o encontro do Dante e da Beatriz Portinari...; nos Uffizi agardaba a coidadísima e simbólica obra do Boticelli, “*creador da Primavera*”, os pazos das familias fidalgas, a Academia... e San Marcos coas celas sombrías de Savonarola, iluminadas cos frescos do Fra Angélico. Siena, San Gimignano, o “*Miracolo*” de Pisa, Asis, do moi seguido San Francisco, a *Porciuncula*, e sobre a parte alta a basílica de bóvedas pintadas polo Giotto, as rúas estreitas buscando a igrexa de Santa Clara...; Orvieto, a calma do Lago de Bolsena, os toleados xardíns de Bomarzo, capricho dos Orsini... Veio, as tumbas etruscas de Tarquinia e Cerveteri, con aquelas pinturas representando os espíritos de matrimonios amantes nun banquete con brindis eterno. Arezzo, cidade de arte e de artistas, do Petrarca, do Vassari, onde a finais do século XIX na *Fraternità de Santa María* apareceu o *Codex Aretinus VI,3*, manuscrito coa copia da Viaxe que Exeria fixo, a finais do século IV, a Terra Santa, manuscrito da Alta Idade Media, obra dos amanuenses de Montecasino... Peruggia... E sempre Roma esperando, a “*Urbs*” de foros, fontes, grandes basílicas e pequenos templos... o Testaccio e o seu cemiterio inglés... Ostia Antica....

A Provenza, levándonos á mesmísima mítica Fontana de Vauclus, nos montes dos horizontes de Avignon, onde soñou o Petrarca os amores de Laura. Andar pousadamente polo Avignon do cisma, seu pazo papal, onde as paredes falan; a ponte ferida polo Rhône.. A silueta cambiante do Mont Saint Victoire, que inspirou o cubismo de Cézanne e baixo o que pousa seu sono eterno Picasso, en Vauvernages.... Nîmes romano coa fontana de *Nemausus*; a braña de bestas cabalgantes da Camarga e o Santuario cristianizado das *Tres Marias*, imaxes negras, os versos do moi admirado Federico Mistral: “*Ouh Federico Mistral labrego milagreiro/ que deixache versos abertos como sucos...*” En Remol –1970... Arlés, os cipreses e trigos movidos polo vento dos óleos obsesivos de Vincent Van Gogh...e tantas lembranzas trovadorescas e de cabaleiros tripamundos.

#### GRECIA: O PARNASO E A FONTE DE CASTALIA

Manuel María tiña sempre acesa, e moi de vello, a arela de viaxar a Grecia, ollar o Parnaso e a fonte de Castalia, subir á Acrópole... e iso foi posíbel nunha moi

intensa viaxe programada do 14 de abril ao 5 de maio do 1984... feita en autocar dende a Coruña, para coller un ferry que nos levaría a Xénova, visitándonos na noite un temporal de vento mistral que botaba as ondas do mar por derriba da embarcación: vitrinas rotas, trousseadas... Manuel e Saleta e todos acollidos en cada seu camarote e varias horas de retraso na chegada a Xénova, visita a esa que foi fermosa cidade que atraíu o pintor romántico vigués, modélico para Murguía, Serafín Avendaño... e continuación no autocar cara á beiramar do Adriático, San Marino, Ancona, Foxia e as igrexas e historias de San Nicolás nun Bari de rúas estreitas entre casañas caleadas... e por razóns de seguridade conducido o grupo nas súas visitas por unha parella de *carabinieri*. Brindisi, principio e fin da via Appia, porto cara a Grecia e de tantas lembranzas virxilianas, onde o autor da Eneida ten monumento que recibiu o noso agasallo...o azul do Exeo, rumbo a Ítaca, silueta que, deica perdela, seguimos coa ollada. Desembarco en Patrás, Olimpia, seus templos, as barbantesas cantando, as oliveiras e os agudos cipreses, os petrucios e matronas enloitadas ao pé da porta, con lembranzas á señora Pastora da Casa de Hortas.... Megalópolis, Nauplia, Epidauró e os cultos a Esculapio, o seu teatro, onde comprobamos a acústica cos versos galegos recitados polo Manuel María, que todos aplaudimos... as lembranzas de Melina Mercouri.... Mícnas, cidade murada, como un xigantesco castro ciclópeo, aberto en porta coroada pola labra dos leóns a unha e outra banda dunha columna... ruínas sobre as que planea a sombra de Agamenón e a adúltera Clitenestra, o tráxico final da Iliada. Corinto, onde se educou Edipo, cidade do encontro de Alexandro co filósofo Dióxenes cando tomaba o sol a carón do seu pipote, das predicacións de Pablo e das pasas... Atenas, entre os outeiros sacros da luminosa Acrópole e o Licabetos, os barrios de Placa e o Pireo... Cabo Sunión co templo de Poseidón que ollou a chegada de Teseo despois de vencer o Minotauro...e aquel graffiti de Byron, onde lle fixemos unha foto a Saleta e Manuel... Un paseo polas Illas de Aegina, Poros e Hydra, policromía, muíños de vento, azul...e un turismo que comezaba a invadilo todo. O templo ortodoxo de Ossios Loukas, cos seus popes e iconos...e o santuario de Apolo de Delfos, ao pé do Parnaso, consagrado ás Sete Musas e habitado polas ninfas que deixan verter a fonte de Castalia, onde o chairego pousou como peregrino canso que chega ao templo ansiado... o paso por un lugar pedregoso chamado Paradiso, onde as cabras triscaban cartóns... Lepanto da batalla, Antririon e volta ao ferry para voltar a Brindisi e Bari, seguir a Sorrento de Caruso...e atoparnos con aquel crego, ao vello estilo de sotana, tonsura e tella, que guiaba a toda a súa parroquia, o que previamente convocaba a Misa cun magnetofón no que tocaban as campás do Vaticano, improvisando como altar unha mesa baixo o cartel dunha taberna, sen comezar a oficiar até que estiveron todos...os que ían chegando adurmiñados, escoitando as reprimendas daquel don Camilo... O batifundio dun Nápoles no que os palacios conviven coas casas dos artesáns, mirando un mar azul, nunha badía preciosa, que engatusou a Ulises, o poeta Rei Ricardo Corazón de León... e ao mesmo a Don Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos e Virrei de Nápoles e a súa dona, Catalina de la Cerda,

benfeitores, eruditos, que tiveron como criados a Cervantes, ao que dedica a Segunda Parte do *Quixote* e *Os traballos de Persiles e Segismunda*, e a quen rouseou pedindo favores un Góngora oportunista: “*Llegué a este Monte Fuerte, / coronado de torres convecinas a los cielos, / cuna siempre real de tus abuelos, / del Reino escudo, y silla de tu estado...*”. Logo virían outros insultos poéticos.

O capricho da illa de Capri, erguida ao ceo azul co promontorio da Vila Iovis de Tiberio, con contos de orxías... e a vila de S. Michele de Axel Muthe, os letreiros-recordatorio de “*suolo privato*”, marcando os espazos de diante das casas, e aquel viño falerno que acompañou o xantar. E regreso dos excursionistas no mesmo barco, emproando ao punto de partida, cara ao golfo de Nápoles e novamente na compañía dos disciplinados parroquiáns e do seu crego mussoliniano. Paseo, de vagar, ollando as ruínas de Pompeia e Hérculano, as pinturas murais, as sombras...Subida ao Vesubio, Pompeia... Montecassino do San Bento de tantos saberes gardados e transmitidos entre o “*ora et labora*”... Outra vez e sempre Roma, Siena... Rapallo, Portofino, Mónaco, Niza e na silueta e nos salóns do Hotel Negresco a lembranza de Carolina Otero, Aix, Nîmes... Barcelona e Valladolid...

A primavera do ano 1986, do 13 de marzo ao 1 de abril, a viaxe foi a Sicilia e Calabria, agora á busca da Magna Grecia, con paso por Toscana, Liguria e como non, a Provenza... o amado Avignon, a Fontana de Vaucluse, onde se lle mercou ao chairego unha libretiña feita de papel naquelas vellas fábricas... Mónaco, e ese lugar de paso e porto que é Xénova co cimiterio de Staglieno coas súas estatuas fúnebres románticas, a da “castañeira” que aforou para financiar unha tumba como a dos burgueses navieiros... e de Xenova, deixando seu “*Farol*”, embarcados cara a Palermo, sobre o caos da cidade o Monte e o templo de Santa Rosalía, mostrando os cofres de colares, reloxos e brincos de ouro ofrecidos, os mosaicos da igrexa de Monreale, a solemnidade dos templos gregos de Segesta, Selinunte e Agrigento, acrópole e vilas polas que se senten os pasos de Pirandello e mesmo de Pitágoras ou Arquímedes... Siracusa coa fontana de *Aretusa*, as catacumbas, as historias de tiranos, as canteiras da *Orella de Dionisos...*, a desorde de Catania baixo o Etna, a maxia de Taormina vixiando dende o seu teatro clásico o volcán e o Mediterráneo. Mesina e na península itálica Regio Calabria, onde demos cos entón recén atopados bronzes de Riace, da época clásica grega. Os Abruzzos, onde buscamos a opulencia de Síbaris e Tarento, onde apenas atopamos que fica unha columna ergueita... Locri, Crotona, Cosenza, a costa calabresa e o golfo de Maratea: Paestum, Salerno e o Amalfi coa igrexa na que nunha cripta, con placa na que consta que foi restaurada polo VII Conde de Lemos, para venerar as reliquias do Apóstolo Andrés... seguramente aquel ilustrado Castro trouxo á súa Galiza a reliquias de San Andrés de Teixido. Volta, outra vez por Sorrento, Capri, Nápoles, Cuma, Puzzoli...o sabor dos bos viños, sabiamente elaborados coas receitas dos anterros... e novamente Pisa e Nîmes...

## CÓRCEGA E CERDEÑA

E volta ao Mediterráneo: os días que van do 12 ao 29 de setembro de 1986, investímolos nunha viaxe, agora a Córcega e Cerdeña, tamén en autocar dende Galiza e novamente atravesando e repetindo a meseta castelá, os pirineos de Francis Jammes e Toulun, para navegar en ferry cara a Porto Torres en Cerdeña, seguir a Sassari, Alghero, as rosadas pedras caendo o mar das Calanques de Propiano, bosques de piñeiros vellos, grutas de Neptuno e o Porto das Ninfas, Macomer, Oristano, grandes nuragas neolíticas controlando campos de cultivo, camiñatas entre oliveiras e amendos...arqueoloxía e historias de rituais púnicos en Nora, Cagliari, a tumba do Rei Martín I de Aragón... Nación negada, historias contadas por un guía amedrentado, que ao catarnos, en silencio, gabábase timidamente do seu e de canto estaba prohibido polos franceses: monumentos abandonados, templos expoliados, identidade disfrazada, esperpentizada.... Sorogno, Nuoro...e o que si lembramos é a casa lebrega e museo da Nobel Grazia Deledda (1871-1936) e que comparamos coa de Otero Pedrayo en Trasalba... E aquela mostra que atopamos sobre “O pan noso”, ofrecendo didacticamente os xeitos de facer o pan, de boroa, millo, trigo... as filloas, os moldes, as formas e seus símbolos... o pan como exvoto, como eucaristía... e tantas ideas sacadas para Galiza... Máscaras de Entroido, como os “*peliqueiros*” de Monterrei, “*osos*” como os de Manzaneda... Sorgalia, a “*Costa Esmeralda*”, Olbia, a illa de Caprera, que garda as lembranzas das soedades de Garibaldi e dos seus seguidores, os que formaron parte dos “*Mil de Marsala*”, entre eles o galego Leonardo Sánchez Deus, un dos románticos amigos “*Precursores*”, de Manuel Murguía, que sen ser italiano, con outros galegos, foron cegos a loitar por causa alleas guiadas polo caudillo, que o nomearía axudante de campo...para finalmente, despois dunha ida e volta á súa Compostela, acougar a eternidade nunha tumba anónima do cemeterio de Xénova. Ferry e chegada a Bonifacio, as formas extrañas labradas polo vento nas pedras de Propiano e Ajaccio, berce da familia Napoleón.. non lembro si Manuel María quixo entrar na casa, pero non lembro máis. Pero si acordamos aquela pequena vila, toda chea de pinturas murais nas medianeiras das casas, Orgósolo, e aquel xantar compartindo un año asado na mansión duns pastores, ollando a paisaxe montesía, viño, danzas, trasquile dunha ovella e unha navalla sarda para a colección. Aleria, Mariana, Bastia... e novamente embarcados cara a Marsella, deixando a unha banda a illa de If, a que inspirou Dumas para historias do Conde de Montecristo, e xa Marsella, con lembranzas coruñesas... e retorno, con visita á Carcasona medieval, de lembranzas templarias e reinterpretada cos ventos historicistas de Viollet le Duc...os Pirineos e o Orthez do sempre lembrado Francis Jammes. Parada en Burgos, para, como un cabaleiro canso de xantar nun mesón, prohibíndosenos ese “*infanticidio*” de comer un leitón asado, que trocamos entón, novamente por “*anne-lo*” ao forno e viño tinto do Douro.



A “XERUSALÉN TERRESTRE”, O “ÉXODO”....

E ese esforzo por visitar a “*Terra Prometida*”, escenarios das lecturas bíblicas, de cánticos e salmos, faise realidade do 19 de marzo ao 4 de abril do 1993. Chegada en avión ao Cairo das pirámides e da vida a unha e outra banda do Nilo, a inmensidade do deserto, os tesouros das tumbas.... O Monte Siná e o mosteiro de Santa Catarina, cos primeiros iconos.... Camiños andados no Éxodo, na busca da “*Terra Prometida*”, para un Manuel María que semellaba avivar as súas raiceiras xudías e a admiración primeira por un pobo teimudo, constante e traballador: o Mar Roxo, o Mar Morto, Masada das revoltas dos celotes contra os romanos... Belén, os Herodiums, Cesarea, Haiffa...e a antiga Amagedón bíblica, San Xoán de Acre, Galilea... a vida coutada entre espiños nos *kibutz*...ao lonxe o Líbano dos cedros, irmáns dos que plantou o avó na horta da *Casa de Hortas*... Tiberíades, o monte das benaventuranzas, Cafarnaum e Magdala da desconsolada Madanela, o lago de Genesaret, Canaa, Nazaret, o Tabor...e a subida aos montes do Golán... e Xerusalén dos paradoxos, no que conflúen as tribos arredor dos templos, o val de Jossefat, que non ten cabida para tanto mortal resucitado... a máis enigmática das cidades que enxergou Manuel María... QumRam dos esenios, Xericó das rosas... e todos eses montes e aldeñas feitas textos bíblicos, arqueoloxía nas que se falou arameo. Espazos para imperialistas romanos e fariseos negociantes, nos que, entre a xente do común, predicouse a palabra, a solidariedade, o ben..., para ser hoxe testemuño das máis crueis intolerancias racistas que sofre o pobo Palestino.

Camiños andados para atopar a grandeza dos seres humanos e da terra, para concienciar sobre os compromisos terreaís.